

Vida número 7- pupilas de Nuno

Din que todos perdemos algo algunha vez, eu penso que tiven a pouca sorte de non atopalo nunca. E aínda que así non o perdo, deixa un buraco nun lugar que non foi alimentado. Sempre deixa buraco.

Eu sempre fun fillo único. Recordo aos meus pais disputar sempre sobre un irmán ou irmá na cocíña, mentres mamá defendía que estaba cansa para levar un neno dentro e que para quedar gordecha mellor era comer moito. Papá desexaba outro neno pola casa, dicía que daban alegría e estaban pasando por un momento difícil. Debía de ser que daquela eu xa era un pouco maduro e co meu desenvolvemento actuaba coma un adulto máis, deses dos que non achegan alegría á casa. Non me importou moito ese menosprezo, se apoiaba a idea de que un novo meniño ou meniña formara parte da miña familia. Nos outros grupos familiares ían nacente curmá e curmáns, pero na miña familia seguíamos a ser nosos tres. Lembro chorar varias noites seguidas despois de escoitar a mamá dicir que eu era unha das máis grandes desgrazas que lle acontecera. Que independentemente do meus éxitos como fillo: obediente, con boas notas, cariñoso... Non podía percibir en min máis que decepción, pois ela sempre quixera ter unha nena. Por unha parte démoslle entón unha razón a maiores para ter outro fillo máis, pero por outra, eu rompín por dentro desta vez. Xa tiña dez anos e non moitos amigos, e agora a familia xa non me quería. Un día os meus pais saíron da casa para unha cea. Eu quedara co meu coidador lendo un conto e logo ía acostarme. Ás aproximadamente doce da noite recibimos unha chamada, eu continuaba vendo o *show* dos animais da cadea infantil, agochado para que Nuno non me botara a bronca. Veu xusto a espertarme despois e xa non tiven tempo de facer que estaba durmido.

Pousei a miña cabeza nos seus xeonllos cando caeu diante de min con expresión impactada. Sentía como o seu corazón latexaba máis rápido do normal e como sobre o teléfono fixo xa colgado caían unhas gotas de auga salgada que nacían da súa cara. As súas pupilas olvidaron todo o que lle acontecera na vida e agora solo buscaban as mellores palabras para explicarme a min, un cativo preocupado por todo, que os meus pais tiveran un accidente, mortal. Un accidente mortal.

O que máis me sorprende e que todo acontecera en décimas de segundo, e co coche, e con alcohol, a pesar de que os meus pais sempre foran moi precavidos con iso. Estarían discutindo. Entón boteime toda a culpa, e chorei como nunca chorara na miña vida.

Unha semana máis tarde fíxose legal que eu vivira cos meus tíos e, adivíñade que, tiñan unha filliña de pernas grosas, unha pelota de bebé, unha preciosidade. Eu tan só puíden alegrarme con iso, algo que esperara tanto tempo por conseguir. Deume sinal de que tal vez agora iso fora un bo paso na miña vida. Pasaron os anos e eu sempre estaba coa miña curmá, e medrou e medrou, ata cumprir 12 anos. Entón xa non era tan cativa, xa non quería os meus aloumiños, as miñas parvadas que antes facían enroxecer as súas fazulas e babarse por enriba. Cansei de ir detrás dese desexo buscado e empecei a facerme valorar por amigos de verdade, e máis tarde poder estudar algunha carreira de educación infantil. Ou ter un neno.

A verdade é que todo isto é como un soño. Porque nunca atopei o amor. Nunca estudei unha carreira. Nunca fixen bos amigos.

Entrei na Facultade de Medicina sen moita gana, mais tiña unha memoria prodixiosa e non tiña resentimentos ao ver cousas bastante desagradables e dábaseme ben, mentres que as FP de Educación Infantil pecharan totalmente ao público, quen sabe por que estraña razón. Coñecín a uns rapaces que inicialmente tiñan moi boa postura, e actuaban de forma amigable, e me chamaban *Bauti*, que parecía cariñoso, pero acabou sendo unha sátira. Un día sabe Deus por que aceptei, convencéronme para abrir un pequeno comercio para axudar á miña familia, tíos e curmás, con algúns extras de diñeiro mentres pasaban un tempo difícil. Dixéronme que gañaría moitos cartos con iso.

Gústame moito cociñar cousas estranas, e vendo un tutorial de *YouTube* fixen unha vez doces. Dínllos a probar aos compañeiros da Facultade e lles gustaron moito, así que se animaron a soltar ideas ao azar, pois non parecía eso do negocio moi meditado. Aínda así continuei con el, ata que xa tiña miles de doces que vender, producira tanto tanto que só esperaba poder volver a recuperar ese diñeiro. Un día antes da reforma dunha caseta que tiña unha parcela de terra que comprara para montar todo, os meus tíos contactaron comigo para dicirme que se mudaban a EE UU porque lles tocara a lotería e que non me preocupara con eles. Quedei tan confuso, fora todo tan acertado así de súpeto, nunca volveron a coller as miñas chamadas...

Daquela perdín a confianza no meu proxecto, e tamén nos compañeiros, que agora me chamaban Sebastián porque o xefe os avisara de non se rir de min e quedei sen nada máis nen menos que 15 000 doces de diferentes sabores almacenados no meu garaxe.

Vendín a caseta, necesitaba sacar uns cartos máis, e vendín o coche, porque paraba de poder permitirme todo aquilo, pois pese ao soldo de médico decaera moito cos meus ingresos en produtos de fabricación de doces. Uns meses máis tarde despedíronme do traballo, pedira demasiados días libres para facer aqueles trámites ou horas de traballo "cociñando" para dalo todo pola miña familia que tanto botaba de menos, aínda que eu non supuxera o mesmo para eles. E botaba de menos a esa nena de pernas grosas, Alicia, que fixera da miña infancia unha esperanza máis.

Como vendín o coche, comecei a ir andando aos lugares, sobre todo para buscar traballo, e concurrín por zonas polas que nunca antes pasara utilizando o transporte. Un día pasei todo o tempo probando e sendo entrevistado sen pausa, ata que pasando por un recinto escolar escoitei un timbre.

Todos os nenos da escola saíron a montóns e deixaban os seus abrigos atrás, onde as súas nais ían despois pasar para recollelos e berraban sen parar, como se por fin puideran ser libres totalmente. Lembrei ese sentimento de liberdade que eu experimentaba cando era pequeno tamén ao saír do colexio e sorrín internamente.

Entón vin saír a un grupo de nenos que se encontraban ao redor doutro máis pequeno, ou eso parecía, e do que da orixe dos berros non saían boas reaccións. Botei o ollo un

chisco máis, mirando por encima do valado para ver que acontecía no medio do círculo e vin ao pequeno tirado no chan. Tan só tiven que berrar tres veces para que os nenos maiores saíran correndo a mirar fóra:

- Hai unha muller espida no parque! Hai unha muller espida no parque!

Outra vez e máis alto.

- Hai unha muller espida no parque!

Os nenos botaron a correr para observar o acontecemento e perderon o total interese nos xemidos de dor do seu compañeiro; tardarían bastante tempo en decepcionarse co que ían encontrar no exterior, tempo suficiente para agarrar ao neno polo brazo e erguelo do chan.

- Que foi? Onde están os teus pais?

- Mamá sae tarde do traballo, sempre chega 5 minutos despois. Grazas. A coñeces? Non lle digas nada, por favor.

- Non, non a coñezo. Tes que pedir axuda se eses compañeiros se comportan mal contigo.

Xa varios grupos de persoas se me quedaran mirando coma se tivese mala intención despois dos berros que pegara antes, debía parecerlles un tolo. Non me importou moito no momento, ese neno era un co que me sentía bastante identificado, e sentín como o meu corazón morría de lástima ante os seus rabuños e face entristecida. Nen sequera preguntou quen era eu, pero non tivo medo de preguntarme calquera cousa da miña vida, que eu respondía con franqueza.

Lembrei entón que as recompensas sempre alegran á xente, sobre todo aos nenos, oh benditos nenos, é verdade que despredeces alegría, e eu non rematei tendo ningún por casa. Saquei do meu peto uns poucos doces, que sempre levaba encima e dinllos a probar. Encantáronlle e agradeceu o agasallo, preguntándome se podía regresar outro día por alí, e darlle máis. Eu pensei que tal vez podería estar ocupado buscando traballo ou directamente traballando, pero volví ao sentimento no que sempre estiven en búsqueda: a compañía dun neno. Dende que divisaba eses corredores vacíos, cheos de táboas de madeira postas sen sentido na miña casa, ata agora, que parecía que todo estaba en orde, incluso cando se supoñía que peor levaba a vida, sempre estiven procurando obtelo.

Así que, dende ese momento, ti e todos me coñecen co mesmo nome, ese que asusta a tantos, sobre todo pais e nais á espera dos seus nenos, pero que non veño a facer nada que non sexa produto dunha vida complicada. Eu son ese home que, sen ningunha relación, espera na porta a que soe o timbre, para lles dar doces. E non, non os convido ao meu coche.

Nen sequera teño coche.

Vida número 7: o home dos doces tivo que pasar por situacións difíciles e por fin atopa a acción que lle enche, facer felices aos nenos. Aínda así, non sabe como se vai desenvolver a súa vida, porque continua na ruína e, o que é peor, os seus doces, non son infinitos.